


*Boas Prácticas Para A Liberación De
Publicacións Da Xunta De Galicia*



Boas Prácticas Para A Liberación De Publicacións Da Xunta De Galicia

Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia

AMTEGA



© 2014. AMTEGA. *Guía de boas prácticas para a liberación de documentación da Xunta de Galicia.*

Esta obra distribúese cunha licenza Atribución-CompartirIgual 3.0 España de Creative Commons. Para ver unha copia da licenza, visite:

<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.es>

XUNTA DE GALICIA

Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia

Santiago de Compostela

2014

ÍNDICE

<u>CAPÍTULO 1.- INTRODUCCIÓN.....</u>	<u>4</u>
<u>CAPÍTULO 2.- PROPIEDAD INTELECTUAL.....</u>	<u>6</u>
<u>2.1.- VERIFICACIÓN DA POSESIÓN DOS DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL DA OBRA A LIBERAR.....</u>	<u>7</u>
<u>CAPÍTULO 3.- LICENZAS LIBRES PARA DOCUMENTACIÓN.....</u>	<u>10</u>
<u>3.1.- LICENZAS CREATIVE COMMONS.....</u>	<u>10</u>
<u>3.2.- A GNU FREE DOCUMENTATION LICENSE (GFDL).....</u>	<u>11</u>
<u>CAPÍTULO 4.- DIRECTRICES PARA A PUBLICACIÓN DE DOCUMENTOS DE TEXTO.....</u>	<u>12</u>
<u>4.1.- LICENZAS RECOMENDADAS.....</u>	<u>12</u>
<u>4.2.- FORMATOS ESTÁNDAR RECOMENDADOS.....</u>	<u>12</u>
<u>4.3.- APLICACIÓN DA LICENZA AO DOCUMENTO DE TEXTO.....</u>	<u>13</u>
<u>4.4.- FERRAMENTAS LIBRES DE EDICIÓN E VISUALIZACIÓN DE DOCUMENTOS.....</u>	<u>16</u>
<u>CAPÍTULO 5.- DIRECTRICES PARA A PUBLICACIÓN DE IMAXES.....</u>	<u>18</u>
<u>5.1.- LICENZAS RECOMENDADAS.....</u>	<u>18</u>
<u>5.2.- FORMATOS ESTÁNDAR RECOMENDADOS.....</u>	<u>18</u>
<u>5.3.- APLICACIÓN DA LICENZA Á IMAXE.....</u>	<u>18</u>
<u>5.4.- FERRAMENTAS LIBRES DE EDICIÓN E VISUALIZACIÓN DE IMAXES.....</u>	<u>19</u>
<u>CAPÍTULO 6.- DIRECTRICES PARA A PUBLICACIÓN DE VÍDEOS.....</u>	<u>20</u>
<u>6.1.- LICENZAS RECOMENDADAS.....</u>	<u>20</u>
<u>6.2.- FORMATOS ESTÁNDAR RECOMENDADOS.....</u>	<u>20</u>
<u>6.3.- APLICACIÓN DA LICENZA AO VÍDEO.....</u>	<u>20</u>
<u>6.4.- FERRAMENTAS LIBRES DE EDICIÓN E VISUALIZACIÓN DE VÍDEOS.....</u>	<u>21</u>
<u>CAPÍTULO 7.- DIRECTRICES PARA A PUBLICACIÓN DE OBRAS SONORAS.....</u>	<u>22</u>
<u>7.1.- LICENZAS RECOMENDADAS.....</u>	<u>22</u>
<u>7.2.- FORMATOS ESTÁNDAR RECOMENDADOS.....</u>	<u>22</u>
<u>7.3.- APLICACIÓN DA LICENZA Á OBRA SONORA.....</u>	<u>22</u>
<u>7.4.- FERRAMENTAS LIBRES DE EDICIÓN E REPRODUCCIÓN DE SON.....</u>	<u>22</u>
<u>CAPÍTULO 8.- LICENCIAMENTO DE OBRAS DERIVADAS.....</u>	<u>24</u>
<u>8.1.- IDENTIFICACIÓN DA AUTORÍA.....</u>	<u>24</u>
<u>8.2.- LICENZA DAS IMAXES EMPREGADAS NO DOCUMENTO.....</u>	<u>25</u>
<u>CAPÍTULO 9.- DIRECTRICES PARA A PUBLICACIÓN DE TRADUCIÓNS.....</u>	<u>26</u>
<u>9.1.- LICENZAS RECOMENDADAS.....</u>	<u>26</u>

<i>9.2.- FORMATOS ESTÁNDAR RECOMENDADOS.....</i>	<i>27</i>
<i>9.3.- APLICACIÓN DA LICENZA AO DOCUMENTO.....</i>	<i>27</i>

CAPÍTULO 1.- INTRODUCCIÓN

O presente documento pretende servir de guía de boas prácticas para a publicación de materiais documentais da Xunta de Galicia. Recollerá unha serie de boas prácticas ou directrices co obxectivo de resolver as dúbidas en materia de propiedade intelectual relacionadas coa elección de licenzas de documentación, fotografías, vídeos ... en base aos supostos que se dan nas Administracións Públicas.

A guía estrutúrase nos seguintes capítulos:

1. **Propiedade Intelectual.** Este capítulo ofrece un resumo dos aspectos relevantes no ámbito propiedade intelectual de cara a reutilización de contidos facendo énfase en garantir que a Xunta de Galicia posúe os dereitos de propiedade intelectual dos contidos a publicar.
2. **Licenzas libres para documentación.** Este capítulo presenta as licenzas libres máis populares incluíndo as recomendacións básicas das licenzas copyleft.

Os seguintes capítulos fan un recorrido polos diferentes tipos de contidos reutilizables.

3. **Documentos de texto.**
4. **Imaxes.**
5. **Vídeos.**
6. **Obras sonoras.**

Os anteriores capítulos seguen o seguinte esquema:

- Recomendación de licenza libre.
- Recomendación de formato aberto segundo o tipo de contido.
- Recomendación de como aplicar a licenza ao contido, recollendo as boas prácticas para a correcta aplicación da licenza escollida nos materiais, segundo a súa tipoloxía.

Finalmente o último capítulo como proceder para reutilizar material de terceiros e o efecto que ten nas obras derivadas.

7. **Licenciamento de obras derivadas de materiais de terceiros.** Recolle a información relativa ao procedemento a seguir cando na elaboración de materiais formativos e divulgativos se empregan como base outros materiais de terceiros sobre os que deberemos ter permisos para a súa reutilización. Á hora de liberar o material derivado será preciso revisar adecuadamente a licenza dos materiais de terceiros empregados e cumprir cos requirimentos de recoñecemento e

condicionantes para a liberación. Neste capítulo inclúense as indicacións de como proceder nos casos máis habituais, como por exemplo o emprego de imaxes nun manual.

- 8. Traducións.** Recolle as características da liberación de traducións como obras derivadas con características particulares. Trátase especificamente a publicación de memorias de tradución.

CAPÍTULO 2.- PROPIEDAD INTELECTUAL

A propiedade intelectual, segundo a definición dada polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte¹, é o conxunto de dereitos que corresponden aos autores e outros titulares (artistas, produtores, organismos de radiodifusión...) respecto das obras e prestacións froito da súa creación.

A propiedade intelectual protexe todas as creacións orixinais literarias, artísticas ou científicas expresadas por calquera medio, tales como libros, escritos, composicións musicais, obras dramáticas, coreografías, obras audiovisuais, esculturas, obras pictóricas, planos, maquetas, mapas, fotografías, programas de ordenador e bases de datos.

Os dereitos asociados á propiedade intelectual divídense en:

- **Dereitos morais.** Son aqueles dereitos inalienables e irrenunciáveis que corresponden ao autor polo mero feito de ser o autor da obra. Son fundamentalmente o dereito a ser recoñecido autor da obra e o respecto á integridade da mesma.
- **Dereitos patrimoniais.** Son os dereitos de explotación da obra en calquera forma e en especial, os dereitos de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación.

Os dereitos patrimoniais poden ser cedidos polo autor a terceiros, ou outorgar permisos para o seu uso. A **cesión de dereitos** faise normalmente a través dun contrato entre as partes, mentres que a autorización de permisos realízase a través dun documento ou **licenza de uso**, que recolle as condicións ou permisos concedidos polo autor ou o titular dos dereitos patrimoniais.

A Lei de Propiedade Intelectual indica que se o autor non autoriza de forma expresa os permisos que concede respecto da explotación da súa obra, os dereitos patrimoniais son exclusivos seus, é dicir é o que se coñece como “Todos os dereitos reservados”.

En resume, se queremos que sexa posible reutilizar unha obra deberemos achegar unha licenza de uso xunto con ela.

No presente documento recolleranse as boas prácticas á hora de publicar con licenza libre os tipos de obras protexidas pola propiedade intelectual máis habituais nas administracións públicas, e concretamente na Xunta de Galicia.

Non se entrará na descrición do licenciamento de programas de ordenador xa que está dispoñible a **Guía para a liberación de software da Xunta de Galicia**².

¹<http://www.mcu.es/propiedadInt/CE/PropiedadIntelectual/Definicion.html>

²http://www.mancomun.org/uploads/media/Procedemento-Liberacion-Xunta_de_Galicia-galego.pdf

2.1.- Verificación da posesión dos dereitos de propiedade intelectual da obra a liberar

Á hora de publicar unha obra suxeita a dereitos de propiedade intelectual é imprescindible garantir primeiramente que somos os posuidores dos dereitos de propiedade intelectual ou en caso negativo, que a obra nos sexa transmitida cunha licenza que permita a súa reutilización e posterior licenciamento libre.

En función da autoría da obra será preciso tomar certas medidas para garantir a súa propiedade intelectual.

[Propiedade intelectual dunha obra desenvolvida por persoal contratado pola Xunta de Galicia.](#)

Segundo o artigo 51 sobre a transmisión dos dereitos do autor asalariado da Lei de Propiedade Intelectual³, salvo pacto escrito, presúmese que os dereitos de explotación teñen sido cedidos e co alcance necesario para o exercicio da actividade ó empresario no momento de entrega da obra realizada en virtude de dita relación laboral. Polo tanto dereitos de explotación, dos traballos desenvolvidos por un traballador durante as súas funcións laborais pertencen á entidade contratante, neste caso a Xunta de Galicia, salvo pacto por escrito.

Así pois no caso dunha obra desenvolvida por persoal laboral ou persoal funcionario da Xunta de Galicia só será preciso contrastar que os materiais empregados para o desenvolvemento da obra son tamén traballos orixinais do propio persoal, ou en caso negativo, que se posúen os permisos adecuados para a súa reutilización e distribución.

[Propiedade intelectual dunha obra desenvolvida por terceiros mediante contrato ou convenio de colaboración.](#)

Se a obra que se pretende liberar foi desenvolvida baixo un contrato ou convenio con terceiras partes as medidas a tomar diferirán en función da situación:

1. O contrato ou convenio está en proceso de sinatura.
2. O contrato ou convenio xa foi asinado e non se contemplou na súa redacción a cesión dos dereitos ou a entrega cun licenza libre.

1.- O contrato ou convenio está en proceso de sinatura

No suposto que o contrato ou convenio que rexerá as condicións nas que se vai desenvolver a obra está aínda en proceso de sinatura, recoméndase incluír cláusulas que garantan a posesión dos dereitos de propiedade intelectual e o uso de estándares abertos.

³<https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-1996-8930#a51>

Boa práctica: Incluir en todos os contratos e convenios nos que sexa susceptible recibir calquera tipo de documentación a **Cláusula de cesión de Dereitos de Propiedade Intelectual** e a **Cláusula de uso de formatos estándar abertos**.

Cláusula de cesión de Dereitos de Propiedade Intelectual (DPI):

O propietario do copyright, marcas comerciais, patentes e calquera outros dereitos de propiedade intelectual (DPI) dos elementos especificamente desenvolvidos para a elaboración da obra obxecto de contratación: gráficos, deseño web, logos, dereitos dos nomes de dominio, textos, manuais, materiais formativos, presentacións, etc. deberá transferir ditos dereitos á autoridade contratante a quen permanecerán conferidos.

Coa única excepción dos DPI licenciados con licenza/s que outorguen a prestación dos seguintes dereitos:

- liberdade para usar a obra e gozar dos beneficios que o seu uso nos proporcione para calquera cometido,
- liberdade para estudar a obra e aplicar o coñecemento adquirido do seu estudo,
- liberdade para copiar e distribuír a obra total ou parcialmente, tanto no contido coma na forma,
- e liberdade para realizar cambios e melloras, así coma para distribuír a obra resultante.

O órgano de contratación, como propietario recoñecido, será o único propietario de todos os DPI dos datos, materiais, documentación, informes ou información xerada durante o desenvolvemento da obra, así como dos produtos finais.

Ao licitante gañador requiriráselle a indemnización á autoridade contratante sobre calquera reclamación que terceiras partes poidan realizar polo uso, reutilización, redistribución ou licenciamento de calquera parte da obra entregada (software, hardware, documentación ou propiedade intelectual).

Cláusula de uso de formatos estándar abertos:

A obra deberá entregarse en formatos estándar abertos sen restricións técnicas ou outro tipo de restricións ou limitacións que coarten as liberdades enumeradas anteriormente.

O provedor deberá facer dispoñible no caso de que obra final sexa obtida

mediante compilación ou procesamento dun ficheiro fonte ou varios, todos os ficheiros necesarios baixo as mesmas condicións que a propia obra.

2.- O contrato asinado non contempla cesión de dereitos de propiedade intelectual

No caso de que o contrato ou convenio que rexe as condicións nas que se desenvolve a obra non contemplase as cláusulas descritas no apartado anterior, será preciso negociar co provedor:

- ou ben unha cesión de dereitos
- ou ben a entrega da obra baixo unha licenza libre.

Para a cesión de dereitos será preciso que o provedor ou provedores que ostenten a condición de autores asinen unha addenda o contrato/convenio de cesión de dereitos de explotación entre o autor e a Xunta de Galicia.

En calquera caso haberá que solicitarlle ao provedor que a entrega do material sexa realizada en formatos estándares abertos e facendo entrega dos ficheiros fonte precisos para a obtención e modificación da obra final. Por exemplo, se a obra é un manual en formato pdf, solicitar tamén a entrega do documento en formato odt a partir do que se obtivo o pdf, así como os ficheiros das imaxes recollidas no mesmo en formato jpg, png, ...

Boa práctica: Negociar con todos os provedores unha cesión de dereitos de propiedade intelectual ou a entrega da obra cunha licenza de contidos libre.

Boa práctica: Solicitar a todos os provedores que entreguen o material en formatos estándar abertos, así como todos os ficheiros fonte a partir dos que se obtén a obra final.

CAPÍTULO 3.- LICENZAS LIBRES PARA DOCUMENTACIÓN

As licenzas recomendadas para publicar documentación son distintas ás empregadas no caso do software.

O mundo do software libre inspirou licenzas libres para outros ámbitos, como a música, as producións audiovisuais, a fotografía, o deseño ou obras literarias. Moitas delas evolucionaron a partir das primeiras **licenzas para a documentación** que acompañaba aos proxectos de software libre.

De igual forma que existen numerosas licenzas para un proxecto software, tamén existen diferentes licenzas para a documentación. Neste documento presentaremos soamente aquelas que teñen a consideración de licenzas libres e que son as máis adecuadas para as administracións públicas.

3.1.- Licenzas Creative Commons

Creative Commons é unha organización que ten por obxectivo crear un conxunto de licenzas que sirvan para calquera tipo de contidos, crear un catálogo de obras licenciadas baixo Creative Commons e adaptar internacionalmente o marco completo.

As licenzas Creative Commons son moi populares e están moi estendidas pola súa sinxeleza. Baséanse en combinar **distintas cláusulas**:

- **Recoñecemento** (attribution -by): obriga a citar as fontes e dar crédito ao autor
- **Compartir igual** (share-alike -sa): obriga a distribuír as obras derivadas baixo a mesma licenza que o traballo orixinal, implementando así o concepto de copyleft no marco de Creative Commons.
- **Non comercial** (non-commercial -nc): non permite usos comerciais
- **Sen obra derivada** (non derivatives -nd): obriga á non alteración da obra

A combinación destes elementos xera 6 tipos de licenzas Creative Commons, aínda que só dúas delas son licenzas libres:

- Creative Commons, recoñecemento, compartir igual: CC-by-sa
- Creative Commons, recoñecemento: CC-by

O resto de licenzas CC **coa cláusula Sen Obra Derivada (nd) e /ou coa cláusula Non Comercial (nc) non son compatibles coas catro liberdades do software libre**. Así que *non son licenzas libres* segundo a definición da Free Software Foundation.

Entre as dúas licenzas Creative Commons recoñecidas como libres hai unha diferenza fundamental, a obriga de manter os traballo derivados tamén libres (cc-by-sa) ou non (cc-by).

Dado que o obxectivo que persegue a administración pública ao liberar os contidos é fomentar a súa reutilización e a creación de novos contidos a partir dos xerados con fondos públicos, o recomendable, sen lugar a dúbida, é a licenza CC-by-sa, xa que garante que os materiais elaborados a partir dos orixinais seguirán sendo libres.

Boa práctica: en termos xerais, recoméndase empregar a **licenza CC-by-sa** para calquera material documental ou audiovisual xerado a partir de fondos públicos.

3.2.- A GNU Free Documentation License (GFDL)

Licenza promovida pola Free Software Foundation para contidos libres. Nun principio foi deseñada para manuais, libros de texto e outras obras funcionais, entendendo por obras funcionais aquelas que nos axudan a levar a cabo un traballo, como os manuais, as guías e a documentación do software. Defínense obras non funcionais como aquelas obras artísticas que producen deleite e entretemento, como as películas, as novelas ou as cancións.

A **GFDL**⁴ asegura que o material poida ser usado, copiado, modificado e redistribuído mantendo os termos da licenza e especifica algúns detalles da redistribución, como a obriga de proporcionar un formato transparente se se superan os 100 exemplares ou a posibilidade de incluír seccións invariantes. Isto último pode converterse nun inconveniente.

Unha das vantaxes de esta licenza é que é totalmente compatible coa licenza de software GPL, podendo empregarse o material recollido nos manuais (exemplos de código, texto de axuda ...) no propios proxectos software.

A **GFDL** presenta tamén certos problemas coa súa cláusula anti-DRM, posto que non permite ofuscar as copias (nin as privadas, incluíndo o cifrado), algo que resulta moi pouco práctico nalgúns situacións. Ademais, está demasiado orientada á impresión e requírese imprimir unha copia da licenza xunto coa obra (ou parte dela) cando esta se imprime.

Boa práctica: recoméndase empregar a **licenza GFDL** para aqueles manuais ou guías de uso de software, ben sexa de proxectos software xa coñecidos, ou ben proxectos de software liberado pola propia administración pública.

⁴<http://www.gnu.org/copyleft/fdl.html>

CAPÍTULO 4.- DIRECTRICES PARA A PUBLICACIÓN DE DOCUMENTOS DE TEXTO

Neste capítulo recolleremos as boas prácticas e recomendacións a seguir na publicación con licenza libre de obras documentais textuais como poden ser unha guía, un manual, contidos formativos ...

4.1.- Licenzas recomendadas

Boa práctica: Recoméndase publicar calquera obra documental financiada con fondos públicos cunha licenza **CC-by-sa**.

No caso de manuais formativos ou de axuda relacionados con proxectos de software libre recoméndase empregar tamén a licenza **GFDL**.

4.2.- Formatos estándar recomendados

Os formatos estándar abertos recomendados son o ODF para documentos que deban ser editados, xerado conforme ás especificacións do estándar ISO 26300⁵ e o PDF xerado de acordo coas especificacións do estándar ISO 32000⁶ para documentos cuxa finalidade sexa a visualización ou impresión.

Para facilitar a reutilización das obras liberadas recoméndase publicalas nos dous formatos. O formato .odt facilitará a reutilización de obra para elaboración de traballos derivados, e o formato .pdf garantirá unha visualización correcta da obra segundo foi creada.

Boa práctica: Recoméndase publicar calquera obra documental financiada con fondos públicos en **formato .odt** e en formato **.pdf**

Se a obra a publicar está pensada para visualizarse en dispositivos electrónicos de lectura como os libros electrónicos (e-book), recoméndase a publicación adicional do documento en formato EPUB. Este formato estándar libre e aberto, definido polo International Digital Publishing Forum, está deseñado para a adaptación do fluxo de texto ás características da pantalla dos dispositivos en base ó tamaños de letra desexado polo lector para a súa visualización adecuada. O formato EPUB 3.0 está en proceso de converterse nun estándar ISO⁷.

⁵http://www.iso.org/iso/home/store/catalogue_tc/catalogue_detail.htm?csnumber=59302

⁶http://www.iso.org/iso/catalogue_detail.htm?csnumber=51502

⁷ISO/IEC DTS 30135-6 Proceso de Estandarización de EPUB3

http://www.iso.org/iso/home/store/catalogue_tc/catalogue_detail.htm?csnumber=63571

Boa práctica: Recoméndase publicar adicionalmente en formato **.epub** aqueles documentos pensados para a súa lectura nun libro electrónico.

4.3.- Aplicación da licenza ao documento de texto



Figura 1: Vistas de Licenzas Creative Commons por Creative Commons baixo licenza CC-BY 3.0-Internacional

As licenzas Creative Commons⁸ preséntanse en tres capas, para facilitar o seu uso e comprensión.

- **Código legal:** (*legal code*) é o texto completo da licenza con validez legal.
- **Lexible por humanos:** (*commons deed*) é o resumo do texto legal simplificado, indicado para a fácil comprensión por non-avogados e incluíndo iconas.
- **Lexible por máquinas:** (*digital code*) é un **código dixital** para motores de procura e outras aplicacións que facilita a indexación automática por exemplo por Google ou outros buscadores.

O procedemento a seguir para incluír a licenza na documentación é moi sinxelo, tendo pequenas variacións en función do tipo de obra.

No caso que nos ocupa, documentos que vaian ser compartidos de forma impresa ou sen conexión, recoméndase empregar unha **páxina ou sección de**

⁸<http://creativecommons.org/licenses/>

copyright para incluír a nota de copyright e a información da licenza.

Nota de copyright: deberá incluírse o título da obra, e a información de quen é o autor da mesma e quen posúe os dereitos de explotación se non é a mesma persoa.

Algúns exemplos de nota de copyright, de menor a maior información achegada sobre a autoría:

© Xunta de Galicia. *Guía de boas prácticas para a publicación de contidos.*

© AMTEGA. Xunta de Galicia. *Guía de boas prácticas para a publicación de contidos.*

Elaborado pola Oficina de Coordinación de software libre da AMTEGA.

© Xunta de Galicia. *Curso de Formación sobre GIMP. Unha ferramenta en software libre para o deseño dixital.*

Este curso foi elaborado no ano 2011 por AGASOL a través das empresas Tagen Ata e TEGNIX co financiamento da Xunta de Galicia ao abeiro do Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, o Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática e a Asociación de Empresas Galegas de Software Libre (AGASOL) para a realización de actividades de difusión e de formación para promover a escola Abalar incluída no plan de acción FLOSS 2011 da Xunta de Galicia.

Nota de licenza: A continuación da nota de copyright incluírse a información da licenza escollida así como a indicación de onde se pode atopar o texto completo da mesma. Con esta nota de licenza é suficiente, aínda que tamén se pode incluír o texto completo da versión **Lexible por humanos** para deixar máis claro cales son os permisos concedidos, pero isto non é obrigatorio.

Exemplo de nota de licenza CC-by-sa:

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución-CompartirIgual 3.0 España de Creative Commons. Para ver unha copia da licenza, visite:

<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.es>

Recoméndase tamén incluír a imaxe ou logotipo asociado á licenza escollida que pode descargarse da páxina oficial de Creative Commons⁹. No noso caso a licenza CC-by-sa:

⁹<http://creativecommons.org/about/downloads>



Finalmente outra recomendación, se a obra está dispoñible tamén en liña, é incluír a ligazón á páxina ou portal web onde se atopa dispoñible para descarga:

Esta obra está dispoñible para a súa consulta e descarga na seguinte ligazón:

[http://wiki.mancomun.org/index.php/Curso de Formación sobre GIMP.](http://wiki.mancomun.org/index.php/Curso_de_Formación_sobre_GIMP)
[Unha ferramenta en software libre para o deseño dixital](#)

Boa práctica: incluír no documento unha páxina ou sección dedicada ao copyright e licenza.

Identificar a seguinte información da obra: **Título**, **autor** (quen posúe os dereitos da obra), **fonte** (onde se pode atopar ou descargar a obra) e **licenza**.

Finalmente se a obra é un traballo derivado de outros, engadir os recoñecementos ou notas de copyright adecuadas.

En resume a sección de copyright e licenza quedaría:



© Xunta de Galicia. Curso de Formación sobre GIMP. Unha ferramenta en software libre para o deseño dixital.

Este curso foi elaborado no ano 2011 por AGASOL a través das empresas Tagen Ata e TEGNIX co financiamento da Xunta de Galicia ao abeiro do Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, o Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática e a Asociación de Empresas Galegas de Software Libre (AGASOL) para a realización de actividades de difusión e de formación para promover a escola Abalar incluída no plan de acción FLOSS 2011 da Xunta de Galicia.

Esta obra está dispoñible para a súa consulta e descarga na seguinte ligazón:

[http://wiki.mancomun.org/index.php/Curso de Formación sobre GIMP.](http://wiki.mancomun.org/index.php/Curso_de_Formación_sobre_GIMP)
[Unha ferramenta en software libre para o deseño dixital](#)

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución-CompartirIgual 3.0 España de Creative Commons. Para ver unha copia da licenza, visite:

<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.es>

4.4.- Ferramentas libres de edición e visualización de documentos

Nesta sección achéganse unha relación de software libre multiplataforma recomendado para edición e visualización de documentos de texto nos formatos abertos recomendados (ODT, PDF, EPUB)

LibreOffice (<http://www.libreoffice.org/>) é a suite ofimática recomendada para a edición de documentos de texto. **LibreOffice** permite a edición de textos, follas de cálculo ou presentacións multimedia en formato ODF (coas extensións *.odt*, *.ods*, *.odp*). LibreOffice incorpora funcionalidades de conversión de documentos dende outros formatos privativos e a súa transformación en ODF. Para a xeración de documentos en formato **PDF**, recomendase empregar a opción “**Exportar como PDF...**”.

Actualmente existen múltiples **lectores de PDF**, existen varias ferramentas libres multiplataforma como poden ser **Evince** ou **Okular**. A Free Software Foundation Europa recolle na páxina <http://www.pdfreaders.org/> unha relación completa de lectores de PDF libres para diferentes sistemas operativos.

A ferramenta **Calibre** (<http://calibre-ebook.com/>) permite a xestión de librerías de libros electrónicos, a conversión a formato EPUB dende diferentes formatos como ODT e a edición dos propios ficheiros en formato EPUB. **Calibre** permite tamén a conversión dos libros electrónicos ao formato empregado polo libro electrónico do usuario.

CAPÍTULO 5.- DIRECTRICES PARA A PUBLICACIÓN DE IMAXES

Neste capítulo recolleremos as boas prácticas e recomendacións a seguir na publicación con licenza libre de obras gráficas, fotografías ou imaxes.

5.1.- Licenzas recomendadas

Boa práctica: Publicar as imaxes con licenza **CC-by-sa**.

5.2.- Formatos estándar recomendados

Os formatos estándar abertos **recomendados para a publicación de imaxes son JPEG e PNG para imaxes de mapa de bits**.

No caso de que se trate dunha **imaxe vectorial** recoméndase o emprego do formato **SVG**, xerado de acordo coas especificacións do W3C¹⁰. Outra alternativa sería empregar o formato de OpenDocument (ODG), xerado de acordo coas especificacións do estándar ISO/IEC 26300. Neste último caso, é recomendable ademais do formato orixinal SVG, publicar tamén unha versión en formato mapa de bits para garantir a correcta visualización da mesma.

5.3.- Aplicación da licenza á imaxe

A forma de aplicar a licenza a unha imaxe é moi similar ao explicado no apartado Aplicación da licenza ao documento de texto só que esta información deberá proporcionarse xunto coa imaxe.

Así, non se recomenda engadir unha marca de auga directamente na imaxe, xa que pode interferir coa imaxe e impedir que poida ser reutilizada nos termos que permite a licenza. Recoméndase incluír a información claramente visible onde estea dispoñible a imaxe, ou incluíla como metadatos do propio ficheiro da imaxe.

Por exemplo para indicar a licenza da seguinte imaxe faríase da seguinte forma:

¹⁰<http://www.w3.org/Graphics/SVG>



"[Creative Commons 10th Birthday Celebration San Francisco](#)" por [tvoll](#) pode ser reutilizada baixo a [licenza CC BY](#)

No caso dunha imaxe propiedade da Xunta de Galicia o licenciamento poderíase expresar como:

"Título da Fotografía" da [Xunta de Galicia](#) pode ser reutilizada baixo a [licenza CC-by-sa](#)

No caso de ser unha publicación na web recoméndase facer enlaces á dirección do autor, á dirección da licenza aplicada e á dirección onde está dispoñible a imaxe.

No caso de que a imaxe se imprima en formato físico sería recomendable facer referencia á súa licenza CC-by-sa indicando o Copyright da Xunta de Galicia.

5.4.- Ferramentas libres de edición e visualización de imaxes

Nesta sección achéganse unha relación de software libre multiplataforma recomendado para edición e visualización de imaxes nos formatos abertos recomendados (JPEG, PNG, SVG)

GIMP (<http://www.gimp.org>) é unha ferramenta libre de manipulación de imaxes que traballa con imaxes en **formato** mapa de bits, como poden ser as fotografías ou documentos escaneados. GIMP permite a edición, visualización e cambio de formato das imaxes nos formatos (PNG e JPEG).

Inkscape (<http://www.inkscape.org/>) é un editor de gráficos vectoriais que achega potentes ferramentas de debuxo e soporta o formato SVG.

CAPÍTULO 6.- DIRECTRICES PARA A PUBLICACIÓN DE VÍDEOS

Neste capítulo recolleremos as boas prácticas e recomendacións a seguir na publicación con licenza libre de gravacións ou vídeos.

6.1.- Licenzas recomendadas

Boa práctica: Publicar o vídeo con licenza **CC-by-sa**.

6.2.- Formatos estándar recomendados

Os formatos estándar abertos recomendables para a publicación de vídeos son **OGV** e **WebM**.

O formato OGV baséase en tecnoloxías abertas de codificación de son e vídeo. Ogg Vorbis¹¹ é un formato de compresión de son aberto e libre de patentes. Os ficheiros OGV conteñen fluxos de vídeo asociados con diferentes códecs entre os que se recomenda o uso do códec libre Theora¹².

O formato WebM é un formato multimedia aberto e libre desenvolvido por Google e orientado ao uso do vídeo na Web. Da mesma forma que fai o formato OGV, emprega o formato de codificación de son Ogg Vorbis, mentres que para a compresión de vídeo emprégase o códec VP8.

Os códecs de compresión libres de son e vídeo melloran periodicamente dende a incorporación do vídeo por internet. Isto implicará que será preciso ter en conta a aparición de novos formatos libres nos vindeiros anos como son xa o novo códec de vídeo VP9¹³ e o códec de son Opus¹⁴.

6.3.- Aplicación da licenza ao vídeo

A forma máis habitual de sinalar a licenza nun vídeo é mediante a inclusión da súa visualización nos propios fotogramas do vídeo. Isto pode facerse ou ben nos propios títulos de crédito ou mediante unha marca de auga sobreimpresionada no vídeo.

Débase incluír no vídeo a información relacionada coa atribución do traballo á Xunta de Galicia, así como a información do Copyright e licenciamento.

Unha posible forma é a inclusión durante 2,5 segundos a imaxe coa licenza do vídeo. Creative Commons achéganos unha serie de elementos para a inclusión

¹¹<http://www.vorbis.com/> Códec de son Ogg Vorbis

¹²<http://www.theora.org/> Códec de vídeo Theora.org

¹³<http://www.webmproject.org/vp9/> Códec de vídeo VP9

¹⁴<http://opus-codec.org/> Códec de son Opus

do licenciamento nos vídeos¹⁵ como o representado na seguinte imaxe.



No caso de que o vídeo se inclúa nunha páxina é preciso incluír de forma visible próximo ao vídeo a información de autoría e licenza da Xunta de Galicia como no seguinte texto de exemplo:

“Título vídeo Promocional Actuación” da [Xunta de Galicia](#) pode ser reutilizado baixo a [licenza CC-by-sa](#)

6.4.- Ferramentas libres de edición e visualización de vídeos

Nesta sección achéganse unha relación de software libre recomendado para edición e visualización de vídeos nos formatos abertos recomendados (OGV, WebM)

VideoLAN (<http://www.videolan.org/vlc/>) é un reprodutor multimedia multiplataforma que reproduce a maioría dos ficheiros e fluxos multimedia. Tamén permite a conversión entre formatos.

OpenShot (www.openshot.org/) é un editor de vídeo sinxelo que funciona baixo plataformas GNU/Linux e soporta os formatos recomendados. A próxima versión 2.0 terá soporte multiplataforma.

Blender (<http://www.blender.org/>) é un programa multiplataforma de modelado tridimensional con potentes capacidades de edición de vídeo. Está especialmente indicado para a animación en tres dimensións.

¹⁵http://wiki-staging.creativecommons.org/CC_video_bumpers Deseños de imaxes de lizenzas CC para vídeo

CAPÍTULO 7.- DIRECTRICES PARA A PUBLICACIÓN DE OBRAS SONORAS

Neste capítulo recolleremos as boas prácticas e recomendacións a seguir na publicación con licenza libre de obras sonoras ou musicais.

7.1.- Licenzas recomendadas

Boa práctica: Publicar obras sonoras con licenza **CC-by-sa**.

7.2.- Formatos estándar recomendados

Os formatos estándar abertos recomendables para a publicación de obras sonoras son **OGG Vorbis**¹⁶ ou **FLAC**¹⁷.

O formato OGG Vorbis permite a compresión de son con perdas, é completamente aberto, libre de patentes. É comparable en termos de calidade ao formato MP3.

O formato FLAC (Free Lossless Audio Codec) é un Códec libre de compresión de son sen perdas. A diferenza dos formatos con perdas, este formato comprimido mantén a mesma calidade que o formato sen comprimir WAV ou PCM.

7.3.- Aplicación da licenza á obra sonora

Cando se trata de incluír a licenza dunha obra sonora temos varias opcións de incluír o licenciamiento da mesma.

Unha primeira opción sería incluír dentro da obra unha locución indicando a propia licenza da obra. Esta é a fórmula que se emprega normalmente nos podcast.

A opción máis habitual é a inclusión na páxina na que se descargue o ficheiro de forma visible e próxima ao ficheiro a información de autoría e licenza da Xunta de Galicia como no seguinte texto de exemplo:

“Título Interpretación” da [Xunta de Galicia](#) pode ser reutilizado baixo a [licenza CC-by-sa](#)

7.4.- Ferramentas libres de edición e reprodución de son

Nesta sección achéganse unha relación de software libre multiplataforma para edición e reprodución de son nos formatos abertos recomendados (OGG Vorbis,

¹⁶<http://www.vorbis.com/> Códec de son Vorbis

¹⁷<https://xiph.org/flac/> Códec de son FLAC

FLAC)

Audacity (<http://audacity.sourceforge.net>) é un potente editor de gravación e edición de son libre multiplataforma. Permite a gravación multipista así como a conversión entre diferentes formatos.

Para a reprodución de son existen múltiples reprodutores multiplataforma como poden ser **Audacious** (<http://audacious-media-player.org/>) ou **Clementine** (<http://www.clementine-player.org/>)

CAPÍTULO 8.- LICENCIAMENTO DE OBRAS DERIVADAS

Para a creación dunha obra, na maioría dos casos reutilízanse materiais de terceiros. Para este uso é preciso dispor dos dereitos de explotación ou unha licenza de uso destes contidos. Un exemplo desta situación é o caso de empregar unha fotografía libre descargada de internet para ilustrar un documento.

Os contidos libres permítennos a reutilización sen ter que pedir explicitamente a autorización ó autor, xa que coa licenza xa nos concede unha serie de dereitos. Pero esta cesión implica unhas obrigas que debemos de cumprir en canto a recoñecemento da autoría ou característica da licenza do noso traballo derivado.

8.1.- Identificación da autoría

A maioría das licenzas libres levan aparelhada unha obriga de recoñecemento de autoría, como é o caso da cláusula “by” das licenzas CC. Esta obriga implica que cando se reutilizan os materiais para facer obras derivadas débese incluír un recoñecemento ao autor orixinal, polo que este ten que estar ben identificado.

Así ademais da inclusión da licenza correctamente deberá acompañarse o material cunha sección de créditos onde se diga quen é o autor orixinal do traballo, e se este non coincide co posuidor do Copyright indicalo tamén.

Exemplo:

“Este material foi elaborado por AGASOL a través das empresas Tegen Ata e Tegnix co financiamento da Xunta de Galicia ao abeiro do Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, o Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática e a Asociación de Empresas Galegas de Software Libre (AGASOL) para a realización de actividades de difusión e de formación para promover a escola Abalar.”

<http://www.mancomun.org/uploads/Documentacion/AGASOL/curso-gimp/crditos.html>

Inclusión de recoñecemento

“Este traballo está baseado na obra TITULO DA OBRA elaborada por AUTOR/ES baixo licenza CC-by-sa”

ademais deberíase incluír a ligazón aos materiais orixinais.

8.2.- Licenza das imaxes empregadas no documento.

Se nun documento facemos uso dunha imaxe da que non dispoñemos da propiedade intelectual será preciso contrastar que dita imaxe ten unha licenza que nos permite facer uso da mesma no noso documento coa licenza que pensamos utilizar.

Unha vez comprobado que podemos empregala e que a súa licenza é compatible coa nosa deberemos asegurarnos de facer o recoñecemento adecuado ao seu autor.

O máis adecuado é incluír dita referencia no punto onde se emprega a imaxe, ben ao lado da imaxe, ao pe de páxina ou ao final do documento unha relación de todas as imaxes empregadas.

O apropiado será incluír unha referencia como a seguinte:

Fotografía/Imaxe © Autor baixo Licenza

enlazando á páxina do autor, se está dispoñible, e á da licenza correspondente.

CAPÍTULO 9.- DIRECTRICES PARA A PUBLICACIÓN DE TRADUCIÓNS

A Xunta de Galicia e outras entidades públicas como parte das súas actividades no ámbito de Política Lingüística xeran numerosas publicacións de traducións, vocabularios, terminoloxía ...

Este tipo de obras deberían publicarse con licenza libre, seguindo as indicacións e boas prácticas recollidas no apartado Directrices para a publicación de documentos de texto. Evidentemente, a elección da licenza para a obra traducida dependerá da licenza que teña a obra orixinal.

Pero ademais da obra en si como produto final en lingua galega, sería de gran utilidade, así como unha gran contribución á nosa lingua, dispor dunha **memoria de tradución** e un ficheiro de **terminoloxía** relacionado coa temática da obra.

Isto facilita que o traballo desenvolvido na elaboración da obra poida ser reutilizado para traducións posteriores e para mellorar a calidade das mesmas.

Boa práctica: para calquera tradución de documentación, software, ... realizada pola administración pública ou financiada con fondos públicos recoméndase publicar unha **memoria de tradución** e un **ficheiro de terminoloxía**.

As **memorias de tradución** (MT) son ficheiros que recollen os textos orixinais nunha lingua, aliñados coa súa tradución noutra lingua. Estas memorias poden empregarse posteriormente en programas de asistencia á tradución por computador (Computer Aided Translation) de maneira que durante a tradución de novos proxectos a ferramenta empregada ofreceranos posibles traducións para os novos textos en función dos textos xa traducidos semellantes.

Os **ficheiros de terminoloxía** son ficheiros que conteñen termos e información relacionada cos mesmos recollida nun formato predefinido. Normalmente soen ser multilingües. Entre a información relacionada cos termos podemos atopar a definición, exemplos de uso, termos relacionados, tradución a outros idiomas ...

9.1.- Licenzas recomendadas

Boa práctica: Publicar a Memoria de tradución e o ficheiro de terminoloxía cunha licenza **CC-by-sa**.

No caso da memoria de tradución dun proxecto de software libre, o recomendable é publicalo tamén coa mesma licenza que teña o propio proxecto.

9.2.- Formatos estándar recomendados

Do mesmo xeito que outros formatos relacionados coa tradución teñen os seus propios formatos estándares, as memorias de tradución e os ficheiros de terminoloxía teñen o seu propio formato estándar aberto:

Memoria de tradución: **TMX** (Translation Memory eXchange). Este é un estándar desenvolvido inicialmente por LISA¹⁸ e mantido dende o ano 2011 polo grupo LIS-ISG do ETSI¹⁹ trala desaparición da asociación LISA.

Ficheiros de terminoloxía: **TBX** (TermBase eXchange). Igual que o anterior é un estándar desenvolvido inicialmente por LISA, aprobado por ISO, e actualmente mantido polo grupo LIS-ISG do ETSI²⁰ trala desaparición da asociación LISA.

9.3.- Aplicación da licenza ao documento

Incluír a mesma información indicada no apartado Aplicación da licenza ao documento de texto na cabeceira dos ficheiros TMX e TBX.

© Xunta de Galicia. Memoria de tradución do proxecto NOME_DO_PROXECTO. Esta tradución foi elaborada pola empresa XXXXX para a Xunta de Galicia e pode ser reutilizada baixo a licenza CC-by-sa

¹⁸<http://www.ttt.org/oscarstandards/>

¹⁹[Ligazón á páxina do estándar TMX](#)

²⁰[Ligazón á páxina do estándar TBX](#)